



## PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSION EN LINGUA INGLESA "VIGO EN INGLÉS 2019"

### **1º COMO SOLICITAR A AXUDA**

Entra na web [www.vigoeningles.org](http://www.vigoeningles.org) , descarga os anexos correspondentes e entregaos xunto coa documentación necesaria no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de luns a venres en horario de 9,00 a 13,30 horas , dentro do prazo de presentación de solicitudes

### **2º REQUISITOS**

a)Estar a cursar 3.º da ESO nun centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos durante o curso académico 2018/2019

b)Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.

c)Ter obtido como mínimo unha nota de 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.

d)Estar empadroado no Concello de Vigo ( vixencia mínima 01/01/2018 )

e)Non ter concedida, no ano 2019, outra axuda coa mesma finalidade.

f)DNI/NIE ou pasaporte en vigor (vixencia mínima de 6 meses).

### **3º DOCUMENTACION QUE TES QUE PRESENTAR**

a)Solicitud de praza debidamente cuberta e asinada polos solicitantes, segundo modelo que figura no **Anexo I**.

b)Fotocopia simple do DNI/NIE ou pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses) do/a alumno/a solicitante

c)Fotocopia simple do DNI/NIE dos solicitantes (pai e nai ou titor legal) que asinan a solicitude de participación do Anexo I

d) Autorización para solicitude de información fiscal cuberta e asinada, segundo o modelo que figura no **Anexo II**

e) Certificación académica orixinal emitida e selada polo centro educativo.

f)Xustificación de ingresos: Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo a solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia

de última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

g)Autorización asinada polo pai/nai ou titor legal, segundo o modelo que figura no **Anexo III**.

h)Fotocopia simple do libro de familia na que figuren todos os membros de unidade familiar ou documentación acreditativa da titoría legal e, de ser o caso, acreditar documentalmentemente outras circunstancias familiares (familia numerosa, pai/nai solteiro/a, divorcio ou separación, viúvo/a ,discapacidade.....)

i)Declaración de non ter concedida, no ano 2019, outra axuda coa mesma finalidade, segundo o modelo que figura no **Anexo IV**.

j)No caso de que o participante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.

### **4º PRAZO DE PRESENTACIÓN E RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS**

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A partir da data de publicación da concesión das prazas definitivas na páxina web haberá un prazo de 5 días hábiles para presentar por escrito a aceptación ou a renuncia da praza concedida segundo o modelo do **Anexo V** e, de ser o caso o xustificante de ingreso bancario da achega correspondente.

### **CONSULTAS**

Na web [www.vigoeningles.org](http://www.vigoeningles.org) ou dirixirse ao Servizo Municipal de Educación. Concello de Vigo , Praza do Rei s/n, Planta 11ª  
E-mail: [vigoeningles@vigo.org](mailto:vigoeningles@vigo.org)  
Tfno: 986-810181